

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 4 SETEMBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de Setembro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 28 de Agosto do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: RIB/N/06.3/06.**

**A FRANCISCO RAFAEL GARCIA PEREZ**, con domicilio na rúa Trasmesones nº 13, desta Vila, para levar a cabo as obras de adaptación de local para adega tradicional na rúa Trasmesones nº 13, baixo, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, Don Víctor Rodríguez Casar.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** adaptación de local para Adega Tradicional.

**Contía na que se orzan as obras:** 2.050 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Trasmesones nº 13-baixo.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Víctor Rodríguez Casar.

**Nome ou razón social do promotor:** Francisco Rafael García Pérez.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ao de notificación da concesión da Licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 06.04.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 42 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 2.050 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras, por importe de 11,30 euros.

#### **EXPTE. Nº: RIB/N/47.4/05.**

**A ANTONIO IGLESIAS FERNANDEZ**, na representación de Comercial Moanza S.L. con domicilio na rúa Ribeiro nº 3, baixo, desta Vila, para levar a cabo as

obras de adaptación de local para froiteria na rúa Ribeiro nº 3, baixo, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactados polo arquitecto, Don Cesar Pichel Rodríguez.

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** adaptación de local para Froiteria.

**Contía na que se orzan as obras:** 8.647,73 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Ribeiro nº 3,-baixo.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Cesar Pichel Rodríguez.

**Nome ou razón social do promotor:** Comercial Moanza S.L..

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ao de notificación da concesión da Licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 05.05.05, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 224,84 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 8.647, 73 euros , practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

**Outras Condicións:** Deberá cumprir o establecido nas ordenanzas do P.E.P.R.I. (artigo 46), relativo os rótulos.

**EXPTE. Nº: 13/10/2005/5254-OM/380.**

A **MARINA MARTINEZ FERNANDEZ** con domicilio na rúa Ramal nº 8, Francelos, para levar a cabo as obras de rehabilitación de edificio para carnicería en planta baixa e estudio en planta alta nun inmovible sito na rúa Pouso nº 1, Francelos, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactados polo arquitecto, Don Roberto Rodríguez Martínez, con visado 11 de setembro de 2005..

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de edificio para carnicería en planta baixa e estudio en planta alta.

**Contía na que se orzan as obras:** 35.626,80 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Pouso nº 1.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Roberto Rodríguez Martínez.

**Nome ou razón social do promotor:** Marina Martinez Fernández..

**Prazos:** os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 13.10.05, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 926,30 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 35.626,80 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

**Outras Condicións:** Consta Estudio Basico de Seguridade e Saude, con visado 11 de setembro de 2005.

### **DENEGACIÓN LICENZA OBRA MAIOR.-**

“ Vista a solicitude de **don Gonzalo Formoso Fernández**, con domicilio na estrada N-120, Ventosela nº 60, p.k. 594 M.I., de data 14.09.05, na que interesa a concesión de licenza para rehabilitación, reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita no devandito lugar.

Visto o informe técnico desfavorable, de data 01.09-06, no que se sinala:

- 1 Examinada esta Documentación Técnica aportada do 21 de xullo de 2006, e en concorrencia coa existente, teño a ben informar:
  - 1.1 Apórtase un Plano “A0” a Escala 1: 200 representando unha figura xeométrica á que se lle asigna unha superficie de 306,85 m<sup>2</sup>, pero realizada a medición da figura xeométrica da parcela, a súa superficie sobre plano é de 276, 00 m<sup>2</sup> aproximadamente; e por conseguinte inferior aos 300,00 m<sup>2</sup>.
  - 1.2 Cotexado o plano da parcela, é notorio ca alineación frontal á N-120 non se corresponde coa realidade, pois o garaxe situado en colindancia coa propiedade de D. Manuel Rodríguez Domínguez, non representa un salto de 1,70 metros respecto ao resto da alineación.
  - 1.3 Constatase ca vivenda unifamiliar e anexo, corresponde a unha edificación en situación de Fora de Ordenación, según Art. 103-3 da LOUGA, sen que o ordenamento urbanístico precise no seu correspondente “plan” o alcance que lle poida corresponder en forma regrada. (Punto 5 Informe Técnico de 21/04/2006).
  - 1.4 O que se plantexa no proxecto e anexos, é a demolición total da edificación existente e a construción dun novo edificio en Fora de Ordenación ao igual co actual e sen cumprir o preceptuado por o Art. 26 que tasa os supostos de demolición. (Punto 6 Informe Técnico de 21/04/06)
  - 1.5 A obra nova que se plantexa en proxecto e anexos, incumpre as disposicións que lle esixe o Art. .29 “Condicións de Edificación”. (Informe Técnico de 21/04/06).

1.5.1 A parcela é inferior á mínima.

1.5.2 Non se establecen as cotas dos retranqueos na tipoloxía de N. Rural.  
Vial Municipal – Catro metros, coa correspondente cesión. (Escalinata)

1.5.2.1. Retranqueo posterior, tres metros.(En proxecto adócese ou ben a distancia é inferior a tres metros)

1.5.3 “A altura da edificación non excederá da planta baixa e piso, nin dun máximo de 7 metros”, o plantexado corresponde a unha edificación de tres plantas.

2 Por o exposto, informo negativamente o proxecto e anexo presentado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda **DENEGAR A LICENZA SOLICITADA PARA REHABILITACION, REFORMA E AMPLIACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR** en base aos fundamentos recollidos no informe do técnico municipal.”

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **don Francisco Rafael García Pérez**, con domicilio na rúa Trasmesonos nº 13, desta vila, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para a legalización dunha adega tradicional no inmovible sito na rúa Trasmesonos nº 13, baixo, desta vila, e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 25 de agosto de 2006, informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, e a normativa seguinte: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de ruídos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) o cumprimento da seguinte normativa de residuos: Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 do 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 2-09-97), Real Decreto 833/1988, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro polo que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O.E. Nº 43, de data 19-02-02); Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05); c) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, **debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento**, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

### **CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **don Antonio Iglesias Fernández na representación de “Comercial Moanza S.L.”**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 3, desta vila, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para a apertura dunha froitería no inmovible sito na rúa Ribeiro nº 3, baixo, desta vila, e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 25 de agosto de 2006, informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como MOLESTA, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, e a normativa seguinte: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de rúidos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) a que de acordo co Lei 10/1998, de 21 abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 do 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 2-09-97) se xestionen os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo; c) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, **debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento**, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

### **CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **dona Marina Martínez Fernández**, con domicilio na rúa Ramal nº 8, Francelos, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para a apertura dunha carnicería no inmovible sito na rúa Pouso nº 1, baixo, Francelos, e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 25 de agosto de 2006, informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como MOLESTA, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, e a normativa seguinte: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de rúidos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) a que de acordo co Lei 10/1998, de 21 abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 do 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 2-09-97) se xestionen os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo e se xestione axeitadamente os residuos de construción e/ou demolición; c) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, **debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento**, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a

conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal. Previo a licenza de primeira ocupación e apertura da actividade aportarase estudio xustificativo segundo sinala o Decreto 150/1999 de 7 de maio artigos 8 e 9 así como concurrentes e decreto 320/2002).”

### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **don Leandro Fernández Cendón**, con domicilio na rúa Celso Emilio Ferreiro, nº 9, 4º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

"Visto o escrito presentado por **don Luciano Vázquez Estévez**, con domicilio na Avda. Redondela, 23, 3º B, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

"Visto o escrito de **don José Benito Martínez Pérez**, con domicilio na rúa Progreso, 51, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

"Visto o escrito de **dona María Asunción Álvarez Giráldez**, con domicilio na rúa Porta Nova de Abaixo, nº 30, 2º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; a interesada fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a ordenanza fiscal da taxa polo



subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

"Visto o escrito de **dona Laura Rodríguez Arias**, con domicilio en O Castro, nº 11, do lugar de San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; a interesada fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

"Visto o escrito de **don Jesús Fernández González**, con domicilio en Santa Cristina, nº 10, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

"Visto o escrito de **don Manuel Rosendo González**, con domicilio en O Castro, nº 32, do lugar de San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa do servizo".

"Visto o escrito de **don Alberto Domínguez Méndez**, con domicilio na rúa Ribeiro, nº 68, 1º B, no que prega se lle autorice a corresponde acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

"Visto o escrito de **don Fernando López Trabazos**, con domicilio en Santa Cristina, nº 25, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga nun inmovible sito na Avda. Redondela, nº 23, 1º E, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa

concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros; en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

Visto o escrito de **dona Pilar Guntín Vázquez**, con domicilio na rúa Andrade, nº 156, esc. B, 4º 1ª de Barcelona, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga nun inmovible sito na rúa Plazuela, 13 de Ventosela, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; a interesada fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros; en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

Visto o escrito de **don Juan C. González Loeda na representación de Construccións Boporte S.L.**, con domicilio na rúa Ribeiro, nº 58, 1º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga nun inmovible sito na Estr. Francelos, nº 34, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros; en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

### **CONDICIONS URBANISTICAS.-**

**Expte: 29/08/2006/4024-CU/282:** Vista a solicitude de **Don Juan Antonio Rivela Sabucedo**, con domicilio na rúa Ramal s/n de Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita en Camiño Vello de Cenlle, N-120 Val de Pereira-San Paio (Ref. Catastral: 27.42.8-02), a Cunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 31.08.06, que literalmente di:

1.- O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, ESTUDO de DETALLE de SAN PAIO TRAVESIA, aprobado no Pleno do 29 de febreiro de 1996 e publicado no BOP do 19 de novembro de 1996.

Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro así como disposicións concorrentes.

2.- A parcela con Referencia Catastral 27.42.8-02, corresponde a Solo Urbano, regulado polo E.D. de SAN PAIO TRAVESIA, Ordenanza UMA-III.

2.1. Esta parcela da frente a dous viais, un corresponde á traza do vello Camiño de Cenlle e outro á Estrada N-120; así como a un camiño rural polo seu aire leste.

2.2. A área onde se atopa enclavada a parcela, corresponde a Solo Urbano, cunha malla de viais que se establecía na cartografía oficial e que non coinciden coa realidade física actual.

2.3 Consecuentemente, é Solo Urbano na categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano Non Consolidado; sendo de aplicación o réxime correspondente regulado polos Artigos 18-b e Art. 20; así como concorrentes da LOUGA.

3.- O planeamento actual non se adaptou á Lei actual, LOUGA no prazo establecido.

4.- Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como a Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo, de data 14 de marzo de 2006.

5.- Adxúntase con presente informe:

5.1 Cartografía Catastral.

5.2 Cartografía E.D. E 1:500, Aliñacións, Rasante e Ordenación.

5.3 Ordenanza UMA-III.”

**Expte: 17/08/2006/3867-CU/274:** Vista a solicitude de **Don Claudio Cabo Merino**, con domicilio na rúa Teixugueiras nº 16, Portal 3º, Entresolo, Vigo, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na Arquetiña nº 56, Camiño Oliveira, A Franqueiran, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 01-09.06, que literalmente di:

1. A ubicación que se sinala sobre o plano do N.R. da Franqueirán non corresponde á Arquetiña. A ubicación sobre plano catastral si corresponde á Arquetiña.
2. O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

- a. Según o plano de situación aportado, a ubicación corresponde a Solo de Núcleo Rural.
- b. Son de aplicación os Artigos 24 e seguintes da LOUGA.

- c. Dada a existencia dunha edificación (vivenda unifamiliar de planta baixa e piso) .Calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Artigo 103, 104 e Art. 25 “Tipos de Actuación” da LOUGA; Así como demais disposicións regulamentarias.
- d. Axúntase co presente informe:
  - i. Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
  - ii. Plano Oficial N.R, E 1: 5.000”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“De Gestima S.L., documentación sobre a marcha da explotación da concesión do parking sito na Alameda de Ribadavia”.

-“Do Instituto Galego de Consumo, Resolución de 16 agosto,concedendo subvención o abeiro da Resolución do 24 de abril de 2006 polo que se convoca e regula a concesión de axudas as Corporacións Locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2006, por importe de 8.260 euros (7.315 para gastos de funcionamento e 945 euros para financiar proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios para o ano 2006). Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a subvención en tódolos seus termos, de acordo co que sinala o artigo 8º da Resolución do 24 de abril de 2006”.

-“Do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense, remitindo Sentencia relativa o recurso contencioso administrativo núm.. 104/01”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PASEO ENTRE MURALLAS DO CASTELO DO SARMENTOS ATA TORREON- FASE I E ACONDICIONAMENTO DO RECINTO INTERIOR DA NECROPOLIS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante concurso con procedemento aberto, en trámite de urxencia, as obras denominadas "Acondicionamento do Paseo entre Murallas do Castelo do Sarmiento ata Torreon Fase I e Acondicionamento do recinto interior da Necropolis", do Concello de Ribadavia, o cál achase no expediente, e que ten as seguintes características:

## CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

1.-Proxecto: Acondicionamento do Paseo entre Murallas do Castelo do Sarmiento ata Torreon Fase I e Acondicionamento do recinto interior da Necropolis .

2.-Presuposto: 200.000 euros.

A) Obras anuais: 200.000 euros (Total IVE incluído)

3.-Financiación: Ministerio de Cultura. A obra é financiada polo Ministerio de Cultura (Dirección Xeral de Bellas Artes e Bens Culturais).

4.-Prazo de execución: 5 meses.

5.-Clasificación: Grupo, K, Subgrupo 7, Categoría d.

6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.

7.-Prazo de presentación de proposicións: trece días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP, en horas de nove a trece horas.

8.-Garantía provisional: 2% do prezo de licitación.

9.-Garantía definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

10.-Taxas do contrato: Claúsula 28 do Prego.

11.-Revisión de prezos: non procede

12.-Control de calidade: Claúsula 29 do Prego.

13.- Apertura de plicas: As 12 horas do terceiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

## **CESION DE LOCAIS MUNICIPAIS.-**

“Visto o escrito da Cruz Vermella “Ribeiro”, no que solicita a cesión do local sito nos baixos da Alameda do Concello, co obxecto do traslado da sede da Asamblea Comarcal da Cruz Vermella Ribeiro.

Tendo en conta que ámbalas dúas entidades veñen colaborando habitualmente en diversas actividades que se organizan dentro do Concello de Ribadavia. Dita colaboración vese plasmada no feito que a Cruz Vermella "O Ribeiro", ven dispoñendo dun local, sito na Casa de Cultura de Ribadavia, planta primeira, correndo o Concello de Ribadavia cos gastos de luz.

Que a Cruz Vermella, cedeu o Concello de Ribadavia, o inmovible sito en Val de Pereira para a utilización do mesmo como sede do Grupo Municipal de Intervención Rápida e Agrupación de Voluntarios de Protección Civil

Visto os referidos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Ceder o uso do devandito baixo a Asamblea Comarcal da Cruz Vermella Ribeiro para uso como sede de dita entidade, polo que no caso de utilización para

outra finalidade revertirá automáticamente o Concello. No momento que se consume a cesión a Cruz Vermella deberá abandonar os locais que teñen ocupados na Casa de Cultura.

**SEGUNDO.-** Os gastos de luz, auga, teléfono e outros derivados das actividades que desenvolvan correrán a cargo da Cruz Vermella do Ribeiro.”

**APROBACIÓN BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PROFESORES PARA O CONSERVATORIO-ESCOLA DE MÚSICA DE RIBADAVIA, ESPECIALIDADES VENTO-METAL.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a convocatoria e bases para a contratación de dous Profesores para o Conservatorio-Escola de Música de Ribadavia, especialidades Venta-Metal, que de seguido transcríbese:

**“BASES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A SELECCION DE DOUS PROFESORES PARA O CONSERVATORIO DE MÚSICA-ESCOLA DE MÚSICA DE RIBADAVIA, ESPECIALIDADES VENTO-METAL (PERSOAL LABORAL).**

**1.- OBXECTO.-** O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello, ao abeiro do RD 2720/1998, do 18 de decembro, do persoal laboral temporal Profesores Conservatorio-Escola de Música de Ribadavia, especialidades Vento-Metal.

Posto de traballo; nº de prazas:

- Profesor Vento-Metal.

Total postos de traballo; 1

**2.- DURACION DOS CONTRATOS.-**O contrato terá a duración necesaria para el desenrolo do curso, convocatoria de Xuño, é dicir, rematará o día 30 de Xuño de 2007.

A xornada laboral será a precisa para o desenrolo do curso e fixarase en razón da programación que se faga do curso, e da matrícula de alumnos que se rexistre.

**3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-**

Para participar na selección será preciso cumprir os seguintes requisitos específicos:

1.- Posuír a nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, u ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondentes funcións.

4.- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuír a titulación esixida para acceder á praza convocada (Titulo de Grao Medio da especialidade musical convocada).

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

#### **4.- SISTEMA DE SELECCION.-**

A selección realizarase mediante o sistema de concurso no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases, as cales publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **5.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.**

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se axuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de seis días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os estranxeiros.
- Copia cotexada da titulación académica esixida, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.
- Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

#### **6.- BAREMO DE MERITOS.**

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

##### **1.- Circunstancias persoais.-**

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.
- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servizos voluntarios prestados á Comunidade a través de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

## 2.- Experiencia profesional.-

- Por servizos prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servizos prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

## 3.- Formación especializada.-

Por cada curso de formación, perfeccionamento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demais centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos

- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos

- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos

- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

## 4.- Titulación:

Por titulación superior a esixida para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos

2. Por outras titulacións.

Títulos ou certificados profesionais, carnés, superiores ós esixidos e expedidos por organismos oficiais, pero da mesma rama e especialidade, valorarse o grao superior acreditado con 0,50 puntos.



Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,50 puntos

Co obxecto de valorar a idoneidade para a praza ofertada, celebrarase unha entrevista persoal, a cal valorarase de 0 a 2 puntos.

## **7.- TRIBUNAL CALIFICADOR.**

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Alcalde ou persoa en quen delegue

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: - Un concelleiro de cada grupo municipal designado polo seu voceiro.

- Un funcionario ou persoal laboral do Concello.-

- Un delegado de persoal do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza da maioría dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

## **8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCION.**

O Tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos que figuran nas presentes bases, así como dos que en cada caso se prevexan nas bases específicas que se aproben para a convocatoria.

Por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos ao concurso, que se fixara no Taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria.

En dito Taboleiro tamén aparecera a data de realización da valoración de méritos aportados e entrevista, relacionadas co contido da praza que se convoque, para valorar a idoneidade, motivación e adecuación ao posto de traballo.

O cuarto día natural (ou ó posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), a contar dende que se puxo no taboleiro a lista de admitidos, reunirse o Tribunal para a valoración dos méritos e da entrevista, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes que fosen declarados seleccionados.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir sen prexuízo de que nas bases específicas se poida propoñer formar unha bolsa de traballo así coma o período de duración da mesma cos aspirantes non seleccionados.

## 9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DE CONTRATOS.

A proposta do Tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Os contratos serán formalizados polo Sr. Alcalde".

### ANEXO 1º

#### MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/a de D.N.I. nº ..... con enderezo na rúa.....

nº.... piso..... C.Postal..... Localidade..... Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de..... posto/s para.....

#### DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia, a..... de ..... de 2006.-

### ANEXO II

#### DECLARACION RESPONSABLE.

D/a..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa.....

núm..... piso..... C.P..... Localidade..... Municipio.....Provincia.....

Teléfono.....

#### DECLARO:

Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2006".

**ORGANIZACION FESTAS DO PORTAL 2006.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-los contratos de espectáculos musicais cos grupos seguintes, segundo o teor literal que se acha nos respectivos expedientes: SIDONIE., días 8 de setembro de 2006; PRODUCCIONES MANO SANTA S.L. (ARIEL ROT), día 9 de setembro de 2006; LA UNION CULTURA (BALLET Y MARIACHI DEL ESTADO DE VERACRUZ), día 9 de Setembro de 2006; UNION MUSICAL PONTELEDESMA, día 10 de setembro de 2006.

#### **SUBVENCIONS ACTIVIDADES DEPORTIVAS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 17 de Xullo de 2006, pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos Concellos de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, acorda solicitar a correspondente subvención e aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde referenciada.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.